

Amigas e amigos:

Saudamos hoxe a presenza de Xavier Albertí, músico, compositor e director escénico, que hoxe nos acompaña coma director artístico do Teatro Nacional de Catalunya (TNC), tarefa que desenvolve dende o 2013, a quen damos unha fraternal benvida dende a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Agradecemos tamén ao escritor Afonso Becerra, membro do Consello Directivo da AELG e coordinador da Sección de Literatura Dramática, a proposta da Xornada e desta mesa: *O proxecto artístico dun Teatro Nacional nunha nación sen estado e o papel da Literatura Dramática nese proxecto.*

Desenvolvemos esta lección maxistral aquí, nunha Terra que ao longo da súa historia tivo diversas xeracións que, dende o teatro, defenderon o seu dereito a decidir e determinar o noso futuro, pondo no teatro as súas esperanzas para dotármolos de instrumentos de concienciación e posta en valor do noso idioma. Estamos a celebrar neste ano o aniversario das Irmandades da Fala, que marcaron unha nova época no desenvolvemento do teatro en lingua galega. O seu activismo, que parte do seu ideario político e cultural, impulsaría dende o ano 1916 unha infraestrutura para o sistema teatral na Galiza, algo que supuxo un salto cuantitativo e cualitativo importante con respecto á súa precaria situación no século anterior.

Se facemos memoria dos últimos cincuenta anos, como dixen hai algúns anos no Manifesto do Teatro Galego:

“A biografía do teatro galego é a biografía da cultura galega. No devir do teatro galego está insculpida a biografía deste pobo de noso. No corpo do teatro están tatuados todos os soños que nos poden levar deste presente de incerteza a un futuro no que nós escribamos a nosa propia historia.

Cada cultura é un territorio camiñado polos carreiros que, abertos tamén polo teatro, teñen a ver coa alma colectiva, e que nos levan a formar parte dunha outra verdade humana na que habitan todas as verdades que cada cultura aporta. O teatro lévanos á busca da verdade da emoción, da verdade da idea de que vivimos descubrindo lugares do amor, da ledicia ou da dor, así como da imaxinación liberadora. O teatro fainos seres libres, pois subverte os significados, libéraos e dá-nos na propia mao a responsabilidade de encontrarmos respostas e de asumilas individual e colectivamente.

En todo teatro, tamén no teatro galego, está depositado o ser colectivo dunha cultura. No escenario constrúese ese lugar do intemporal onde acontece o tempo fuxidío que só acontece nos territorios da alma”.

Fala, en fin, como di o clásico da cultura india, Bharata (*Natyasastra*), da sabia combinación das emocións comúns cos factores da representación dramática transformados en emocións estéticas, para se configurar nunha experiencia de pracer estético, de beleza, aquela que devén de pór en contacto a nosa conciencia coas fontes da vida.

*Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
A Coruña, 5 de novembro de 2016*